



Guía Docente				
Datos Identificativos			2019/20	
Asignatura (*)	Idioma Moderno 3: Francés		Código	613G03033
Titulación	Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Optativa	4.5
Idioma	Francés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Regueiro Diehl, Maria Mercedes	Correo electrónico	mercedes.regueiro.diehl@udc.es	
Profesorado	Regueiro Diehl, Maria Mercedes	Correo electrónico	mercedes.regueiro.diehl@udc.es	
	Vigouroux , Maryse		m.vigouroux@udc.es	
Web				
Descrición xeral	A materia ofrece formación teórica e práctica na descrición e no uso da lingua francesa, de maneira a garantir un dominio práctico da mesma. Nela se revisarán, consolidarán e ampliarán os principais aspectos fonéticos, gramaticais, léxicos e funcionais da lingua francesa, exercitados a través da práctica harmónica das 4 principais destrezas comunicativas (comprensión lectora e oral, produción escrita e oral). Insistirase especialmente na capacidade de facerse entender de forma comprensible nunha variedade de situacións cada vez máis ampla. Unha vez cubertos os contidos da materia, o alumnado deberá ter practicamente consolidadas as competencias da segunda etapa do nivel B1 segundo o especificado no Marco común europeo de referencia para as linguas do Consello de Europa. Estimularase a autonomía do alumnado e a súa capacidade de ser responsable no proceso de ensino-aprendizaxe.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A8	Ter dominio instrumental oral e escrito dunha segunda lingua estranxeira.
A10	Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B4	Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Comprender o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes de producións orais (transmitidas de viva voz ou por medios técnicos) claramente estruturadas e en lingua estándar.	A8	B4	C2
	A15	B8	



Producir textos orais ben organizados e adecuados ao-á interlocutor-a e ao propósito comunicativo, desenvolvéndose con corrección, fluidez e espontaneidade.	A8 A10 A15	B4 B5 B7 B8	C2
Comprender o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes de textos escritos de diferente tipoloxía, claros e ben organizados, en lingua estándar, que aborden temas xerais.	A8 A15	B1 B3 B4 B5 B6 B7 B8	C2
Escribir textos sinxelos e cohesionados sobre temas cotiáns ou de interese persoal, nos que se pide ou transmite información, se narran historias, se describen experiencias, sentimentos, reaccións, desexos e aspiracións, se xustifican opinións e se explican plans.	A8 A10 A15	B1 B3 B4 B5 B6 B7 B8	C2

Contidos	
Temas	Subtemas
A. Gramática	1. Adxectivos e pronomes indefinidos. 2. Os pronomes persoais complemento directo e indirecto. Os pronomes "en", "y". 3. Os verbos: os tempos do pasado; concordancia do participio pasado; o subxuntivo. 4. Os pronomes relativos. 5. Expresión da condición e da hipótese. 6. Expresión da temporalidade: anterioridade, posterioridade e simultaneidade. 7. Expresión da causa. 8. Expresión da finalidade.
B. Obxectivos comunicativos	1. Expresar opinións e valoracións: aprobar, desaprobar, ofrecer opcións e consellos? 2. Precisar, matizar, resaltar ideas. 3. Facer peticións e dar instrucións. 4. Presentar as causas e consecuencias de feitos aludidos. 5. Reaccionar adecuadamente ante diversos feitos ou situacións. 6. Saber resumir, interpretar e comentar diferentes tipos de documentos. 7. Solicitar axuda ao-á interlocutor-a para facilitar ou confirmar a comprensión. 8. Encher o discurso con pausas ou expresións de dúbida mentres se busca o elemento lingüístico que falta.
C. Léxico	1. Artes e espectáculos. 2. O diñeiro: compras e outras actividades comerciais cotiás. 3. As tecnoloxías da información e da comunicación. 4. Os servizos e os actos administrativos. 5. Relacións humanas e sociais. 6. Tradicións, crenzas e supersticións. 7. Protección do medio ambiente. 8. Globalización e interculturalidade.



Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A8 A10 A15 B1 B4 B5 B6 B8 C2	1	0	1
Discusión dirixida	A8 A10 A15 B1 B3 B4 B6 B7 B8 C2	12	20	32
Lecturas	A8 A10 A15 B1 B3 B5 B6 B7 B8 C2	0	10	10
Proba obxectiva	A8 A10 A15 B4 B6 B7 B8 C2	0	10	10
Proba oral	A8 A10 A15 B4 B6 B7 B8 C2	0	6	6
Sesión maxistral	A8 A15 B1 B5 B6 B7 C2	7	10	17
Solución de problemas	A8 A10 A15 B1 B3 B4 B6 B7 B8 C2	12	20	32
Atención personalizada		4.5	0	4.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Primeira toma de contacto coa materia, na que se desenvolven actividades destinadas a obter información relevante sobre o alumnado e sobre as súas competencias de partida, co fin de articular a docencia de xeito que se favorezan aprendizaxes eficaces e significativas, que partan dos saberes previos e intereses do alumnado.
Discusión dirixida	Nesta materia chámase discusión dirixida as aulas e actividades relacionadas coa práctica das destrezas orais (expresión oral, comprensión oral e interacción oral). Estas actividades lévanse a cabo en grupos pequenos e están a cargo do-da profesor-a lector-a. MOI IMPORTANTE: a realización e o aproveitamento destas actividades é fundamental nesta materia, pois é nelas onde se aplican efectivamente as destrezas e os coñecementos adquiridos. Ademais das actividades que se leven a cabo durante as clases, normalmente por cada sesión presencial de clase o alumnado deberá realizar unha actividade non presencial. Estas actividades teñen asignada unha porcentaxe moi importante da nota final da materia (ver apartado "Avaliación" desta guía).
Lecturas	Ademais da lectura de textos (literarios, de revistas, de xornais...) nesta materia entendemos por lectura todo o material que o alumnado deberá ler/consultar fóra da aula para a adquisición e asimilación dos contidos e para a realización das actividades da materia.
Proba obxectiva	Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe. Permitirá avaliar coñecementos, capacidades, destrezas, rendemento, aptitudes, actitudes, etc. en todas as destrezas. Esta proba obxectiva combinará distintas tipoloxías de preguntas.
Proba oral	Proba en que se avalían as competencias comunicativas do alumnado mediante unha pequena conversa ou entrevista individual na que terá que improvisar situacións suxeridas polo-a profesor-a responsable da proba, que poderá usar textos ou material audiovisual de apoio.
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesorado dos contidos relativos a cada un dos temas e subtemas, co apoio de medios audiovisuais e documentación adicional.



Solución de problemas	Nesta materia chámase solución de problemas as aulas e actividades relacionadas coa gramática e coa práctica da comprensión lectora e da expresión escrita. MOI IMPORTANTE: a realización e o aproveitamento destas actividades é fundamental nesta materia, pois é nelas onde se aplican efectivamente as destrezas e os coñecementos adquiridos. Ademais das actividades que se leven a cabo durante as clases, normalmente por cada sesión presencial de clase o alumnado deberá realizar unha actividade non presencial (exercicio de gramática, redacción, resumo, tradución?). Estas actividades teñen asignada unha porcentaxe moi importante da nota final da materia (ver apartado "Avaliación" desta guía).
-----------------------	--

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Proba obxectiva Sesión maxistral Lecturas Proba oral Solución de problemas Discusión dirixida	A atención personalizada será unha constante nesta materia, na que prima a aplicación dos coñecementos adquiridos. O profesorado fará un seguimento particular de cada estudante, e prestará especial atención á súa adicación, ao seu interese por aprender e ao seu compromiso coa materia e co grupo. O profesorado poderá atender puntualmente e de forma individualizada aos/as estudantes cando a actividade encomendada ou o seu desempeño así o aconsellen. Os-as estudantes poden acudir en horario de tutorías e aulas ao profesorado para tratar todas as cuestións relacionadas coa materia que estimen pertinentes. Os horarios de tutorías do profesorado da materia pódense consultar no taboleiro de horarios ou na páxina web da facultade.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba obxectiva	A8 A10 A15 B4 B6 B7 B8 C2	Probas escritas da parte práctica e da parte teórico-práctica que o-a estudante realizará nas datas oficiais marcadas polo centro ao rematar o cuatrimestre. Ver en "Observacións avaliación" precisións e ponderacións máis detalladas.	42
Proba oral	A8 A10 A15 B4 B6 B7 B8 C2	Proba oral que o-a estudante realizará ao rematar o cuatrimestre. Ver en "Observacións avaliación" precisións e ponderacións máis detalladas.	12
Solución de problemas	A8 A10 A15 B1 B3 B4 B6 B7 B8 C2	Actividades da parte teórico-práctica (contidos gramaticais, expresión escrita e comprensión lectora). Inclúe a valoración da asistencia ás aulas. Ver en "Observacións avaliación" precisións e ponderacións máis detalladas.	30
Discusión dirixida	A8 A10 A15 B1 B3 B4 B6 B7 B8 C2	Actividades da parte práctica (léxico, expresión oral, comprensión oral, interacción oral). Inclúe a valoración da asistencia ás aulas. Ver en "Observacións avaliación" precisións e ponderacións máis detalladas.	16

Observacións avaliación



LEA ATENTAMENTE A INFORMACIÓN QUE SEGUE:

1. O alumnado ten dúas oportunidades para aprobar a materia: a primeira ao remate do segundo cuatrimestre e a segunda no mes de xullo. As datas oficiais deben ser contrastadas polo alumnado nos taboleiros oficiais ou na páxina web do centro inmediatamente antes de cada período de exames.
2. A materia está dividida en 2 partes: teórico-práctica [contidos gramaticais, comprensión lectora, expresión escrita] (60% da nota final) e práctica [léxico, expresión, comprensión e interacción oral] (40% da nota final). É necesario obter unha nota mínima global de 5 sobre 10 en cada parte para superar a totalidade da materia. No caso de aprobar só unha parte da materia na primeira oportunidade conservárase a nota para a segunda oportunidade de xullo.
 - 2.1. En cada parte da materia é obrigatorio realizar e obter unha nota mínima de 5 sobre 10 nunha proba final escrita ao remate do 2º cuatrimestre (na data, hora e lugar recollidos no calendario oficial de exames da facultade).
 - 2.2. Na parte práctica será ademais obrigatorio realizar e aprobar cunha nota mínima de 5 sobre 10 unha proba oral final, que se realizará ao remate do 2º cuatrimestre. O profesorado comunicará públicamente a data, hora e lugar de realización deste exame oral.
 - 2.3. En cada parte da materia é obrigatorio realizar un conxunto de exercicios ou tarefas de práctica de todas as destrezas obxecto da materia. Normalmente por cada sesión presencial de clase o alumnado deberá realizar un exercicio non presencial. Agás causa xustificada e sempre con autorización expresa do profesorado, non se admitirán as actividades entregadas fóra do prazo determinado para cada unha delas. Para que estas actividades poidan ser tidas en conta na cualificación final é preciso ter realizado e aprobado, antes da realización do exame da primeira oportunidade, o 75% das actividades programadas e obter unha nota media de 5 sobre 10.
3. Tendo en conta o anteriormente exposto, a cualificación final do alumnado responderá ao seguinte reparto porcentual:
 - 3.1. Parte teórico-práctica (60% da cualificación final):
 - a) Un 50% da nota valorará o exame escrito (debe cumprir os requisitos do apartado 2.1).
 - b) Un 45% valorará as actividades (deben cumprir os requisitos do apartado 2.3).
 - c) Un 5% corresponderá á asistencia regular ás actividades presenciais e á valoración que mereza por parte do profesorado a participación do alumnado nas distintas actividades presenciais ou non presenciais.Esta parte considérase aprobada se a suma dos apartados a, b, c é igual ou superior a 5 sobre 10.
Os contidos e destrezas dos apartados a, b desta parte da materia son recuperables, coas mesmas porcentaxes, na segunda oportunidade de xullo (ver apartado 4).
 - 3.2. Parte práctica (40% da cualificación final):
 - a) Un 30% valorará o exame escrito (debe cumprir os requisitos do apartado 2.1).
 - b) Un 30% valorará o exame oral (debe cumprir os requisitos do apartado 2.2).
 - c) Un 35% valorará as actividades (deben cumprir os requisitos do apartado 2.3).
 - d) Un 5% corresponderá á asistencia regular ás actividades presenciais e á valoración que mereza por parte do profesorado a participación do alumnado nas distintas actividades presenciais ou non presenciais.Esta parte considérase aprobada se a suma dos apartados a, b, c, d é igual ou superior a 5 sobre 10.
Os contidos e destrezas dos apartados a, b, c son recuperables, coas mesmas porcentaxes, na segunda oportunidade de xullo (ver apartado 4).
4. O alumno-a alumna que na primeira oportunidade non supere globalmente a materia segundo os criterios anteriormente expostos poderá recuperala totalmente ou parcialmente na oportunidade de xullo (na data, hora e lugar recollidos no calendario oficial de exames da facultade) segundo as porcentaxes e criterios expresados máis arriba.
 - 4.1. De suspender a materia na primeira oportunidade por non acadar a puntuación mínima nos exames escritos ou no exame oral, deberá facelo(s) de novo na segunda oportunidade. A data, lugar e hora de realización do exame oral da segunda oportunidade comunicárase durante a realización do exame escrito.
 - 4.2. De suspender a materia na primeira oportunidade por non acadar a puntuación mínima nas actividades, deberá realizar para a segunda oportunidade unha serie de tarefas substitutivas nas que terá que demostrar ter acadado as competencias da materia nas distintas destrezas. O profesorado da materia fará públicas xunto coas notas da oportunidade de xuño de 2020 as instrucións correspondentes (actividades asignadas, datas de recollida e entrega, etc.).
 - 4.3. De suspender a materia na primeira oportunidade e ter unha puntuación de 0 punto no apartado de asistencia en cada parte da materia, a porcentaxe asignada a este apartado (5%) engadirase a unha das partes que haxa que recuperar, nesta orde de prelación: a) exame escrito; b) actividades; c) exame oral.
5. Na convocatoria extraordinaria de decembro o alumnado será avaliado das súas competencias nas distintas destrezas da materia mediante unha proba escrita teórico-práctica (nota mínima de 5 sobre 10; 60% da nota final) e unha proba oral (nota mínima de 5 sobre 10; 40% da nota final).
6. En cada oportunidade de avaliación o alumno-a alumna recibirá a cualificación NP de se dar simultaneamente estas dúas situacións: se non se presentar a ningunha das probas oficiais de avaliación (escritas e oral) e se o número de actividades presentadas for igual ou inferior ao 25% das



programadas en cada parte da materia.

7.

O alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia pode, sen asistir ás aulas, realizar e entregar as actividades programadas segundo o disposto no apartado 2.3 (as actividades presenciais serán substituídas por outras non presenciais equivalentes). En caso contrario, aplicaráselle o establecido no apartado 4.2. En calquera caso, a porcentaxe asignada en cada parte da materia á asistencia (5%) reasignarase como se indica no apartado 4.3. O alumnado que teña oficialmente recoñecida a dispensa académica de exención de asistencia deberá acreditarlo documentalmente á profesora coordinadora da materia antes do mes de marzo do presente curso.⁸ Os traballos académicos presentados polo alumnado da materia poderán ser incorporados á base de datos dunha ferramenta de detección de plaxio ou de presentación do mesmo exercicio en varias materias. De se producir algunha destas circunstancias poderanse activar as medidas recollidas nas "Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario" da UDC.⁹ Nos casos non contemplados anteriormente aplicarase o disposto nas "Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario" da UDC.



Fontes de información

Bibliografía básica	- BADI, J.; GREAVES, I.; PETETIN, A. (1996). Grammaire. 350 exercices. Niveau débutant. Paris: Hachette F.L.E. - BADI, J.; GREAVES, I.; PETETIN, A. (1997). Conjugaison. 350 exercices. 1 000 verbes à conjuguer. Paris: Hachette F.L.E. - BOULARÈS, M. (1997). Grammaire progressive du français avec 400 exercices. Niveau avancé. Paris: CLE International. - (1997). La Conjugaison pour tous. Dictionnaire de 12 000 verbes. Paris: Hatier. - DELATOUR, Y. (1996). Grammaire. 350 exercices. Niveau moyen. Paris: Hachette F.L.E. - DELATOUR, Y. (2004). Nouvelle grammaire du français. Paris: Hachette. - FERNÁNDEZ BALLÓN, M.; MONNERIE-GOARIN, A. (1987). Gramática esencial del francés. Paris-Madrid: Hachette-SGEL. - GAILLARD, B. (1995). Le français de A à Z. Paris: Hatier. - (1999). Gran diccionario español-francés/français-espagnol. Paris: Larousse. - (1995). Le Nouveau Petit Robert. Dictionnaire de la langue française. Paris: Dictionnaires Le Robert.
Bibliografía complementaria	Ao longo do curso ofreceranse referencias bibliográficas e outros recursos específicos para cada tema. Tanto nas clases teórico-prácticas como nas prácticas facilitarase ao alumnado diverso material complementario. Na biblioteca do centro pódese atopar todo tipo de material impreso e audiovisual relacionado coa lingua francesa en consoancia co nivel e os intereses do alumnado. É recomendable que se solicite orientación e consello ao profesorado da materia.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma Moderno: Francés/613G03016

Idioma Moderno 2: Francés/613G03029

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Idioma Moderno 4: Francés/613G03049

Observacións

Recoméndaselle ao alumnado que lea atentamente esta guía docente: nos seus diferentes apartados atopará resposta a moitas preguntas que lle xurdan sobre a concepción, organización e obxectivos do curso. Non dubide en acudir ao profesorado para aclarar calquera cuestión ao respecto. Debe prestar especial atención aos seguintes aspectos:

? Realice puntualmente as actividades encomendadas. Os retrasos acumulados prexudican a evolución da súa aprendizaxe e o desenvolvemento progresivo de competencias, e fan que o seu aproveitamento sexa progresivamente menor; ademais, lembre que, agás causa xustificada, e sempre co acordo expreso do profesorado, non se permite a entrega de actividades fóra do prazo establecido.

? Procure observarse e autoavaliarse, tomando conciencia das súas carencias e dos seus avances.

? As súas exposicións ou intervencións escritas e orais deben ser adecuadas ao nivel de estudos no que se atopa e á actividade que está a desenvolver.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías